


EQUIPAMENTO DIXITAL PARA ALUMNADO DESPRAZADO POLO CONFLITO EN UCRAÍNA

VERSIÓN 29/03/2022


O alumnado desprazado polo conflito en Ucraína escolarizado en centros públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Universidade poderá recibir en préstamo un ordenador portátil correspondente ao programa “Educa en Dixital”.

Deberá tramitar o préstamo a través do Protocolo **Educa en Dixital** dispoñible en



<https://www.edu.xunta.gal/protocoloseducativos/> de acordo coas instrucións que recibiu no seu momento.

Na web <https://www.edu.xunta.gal/portal/ucraina> atopará unha ligazón que debe seguir para configurar o equipo Educa en Dixital de xeito que poda usarse en ucraíno/ruso ou en galego/castelán.




Ademais, poderá asignarlle a este ordenador conectividade, para o que poderá solicitar, a través do Protocolo de **Fenda Dixital** un router MIFI con tarxeta de datos. O acceso a esta aplicación realízase tamén a través de

<https://www.edu.xunta.gal/protocoloseducativos/> .

No espazo <https://www.edu.xunta.gal/portal/ucraina> conta cun manual de solicitude deste equipamento.

De igual maneira, se o centro xa esgotara todos os ordenadores do Programa Educa en Dixital ou contara con máis alumnado desprazado que ordenadores dispoñibles, poderá solicitar nesta mesma páxina os dispositivos que precise.



ProtocolosEducativos

- Inicio
- 3 Protocolo por Covid
- 4 Protocolo por Fenda Dixital
 - 4.1 Recurso TIC
 - 4.2 Kits
 - 4.4 Solicitude kit**
 - 4.5 Xestión solicitudes kits
 - 4.6 Asignar kit solicitude
 - 4.7 Estados recursos
 - 4.8 Centros dobre validación
 - 4.9 Escoller centro traballo
- 5 Protocolo Educa Dixital
 - 5.1 Alerta Escolar
 - 5.2 Utilidades
 - 5.3 Rastrexadores
 - 5.4 Axuda

Busca de solicitudes de equipamento

Listaxe de solicitudes de kits informáticos.
 Na listaxe pódense realizar modificacións nos campos habilitados e persistir os cambios premendo no botón **Gardar**.
 Premendo no botón **Crear** poderanse crear novas solicitudes de préstamos.
 De acordos pódense obter seleccionando as solicitudes e premendo no botón do acordo correspondente ou, de xeito individual, premendo na **X**.

Modificar Axuda

Filtros para a busca

Data solicitude: Nome alumno:

Provincia: Concello: Localidade:

Cod. Centro: Centro: **Limpar**

Buscar **Limpar**

<input checked="" type="checkbox"/> Seleccionar	Data solicitude	Motivo *	Data estimada devolución *	Nome alu.
				Non se atop

Gardar **Crear** **Acordo De Decisión** **Acordo De Devolución**

Con cada router chegará un set de adhesivos para o teclado que amosan tanto a configuración QWERTY latina (o teclado que usamos en España habitualmente) como a configuración ucraína/rusa (en cor azul).

